

Convocatoria da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente para o día 15 de xullo de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Por motivo do cambio de data do Pleno deste mes de xullo ao ser o último venres de mes festivo, trasládase a dita comisión para o martes, 15 de xullo de 2025, ás 17.50 horas.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, en sesión **ordinaria**, para o **día 15 de xullo de 2025**, ás 17:50 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2025/41A/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de xuño de 2025.

2. 2025/7850W PRESIDENCIA

Corrección de erro no Convenio entre a Deputación Provincial de Ourense e a Comunidade de Regantes “Nova Limia” para subvencionar a viabilidade financeira das actuacións inherentes ao proxecto de mellora para o aproveitamento en regadío das 42 captacións de augas subterráneas na Limia.

3. MOCIÓN DE URXENCIA.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

